

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

3372 *Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

A salvagarda da estabilidade orzamentaria deveu nun obxectivo fundamental da política económica do Goberno, ao ser a base fundamental para conseguir un crecemento sustentable e sostido e fomentar a creación de emprego, á vez que xera confianza na economía española e facilita o financiamento adecuado do sector público e dos servizos públicos.

Así, o Goberno acometeu unha reforma substancial do marco orzamentario español, que se produciu de maneira paralela á reforma do sistema de gobernanza económica da Unión Europea. Desta maneira, este proceso de reforma reflicte o compromiso de España non só coa consolidación fiscal e a estabilidade orzamentaria senón tamén coas novas exixencias de coordinación e definición do marco de estabilidade común da Unión Europea.

A definición do novo marco iniciouse coa reforma do artigo 135 da Constitución española en setembro de 2011. Conságrase desta maneira na Constitución o equilibrio estrutural como principio reitor da política orzamentaria e establécese como límite ao endebedamento das administracións públicas o valor de referencia establecido no Tratado de funcionamento da Unión Europea.

En desenvolvemento deste precepto ditouse a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que ten dous obxectivos fundamentais: garantir a sustentabilidade de todas as administracións públicas e fortalecer a confianza na estabilidade da economía española. Para dar cumprimento a estes obxectivos, introdúcese a sustentabilidade orzamentaria como principio reitor permanente, e non só transitorio, das actuacións de todas as administracións públicas, ante a crenza de que é un elemento clave para fomentar o crecemento económico e a creación de emprego.

Malia os grandes avances que introduciu esta lei orgánica na normativa orzamentaria española, o Goberno considerou necesario seguir avanzando no proceso de reforma, para profundar no cumprimento dos obxectivos de consolidación fiscal e no fortalecemento da confianza na estabilidade da economía española e, sobre todo, para seguir reforzando o compromiso de España coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.

Desta maneira, expúxose a creación dunha autoridade independente de responsabilidade fiscal, en liña co resto de países europeos, que asista o Goberno para poder alcanzar os seus obxectivos como responsable último do cumprimento da estabilidade orzamentaria. A creación da dita autoridade permite, así mesmo, dar cumprimento ás recomendacións específicas a España do Consello de Asuntos Económicos e Financeiros e ao disposto no Tratado de estabilidade, coordinación e gobernanza na Unión Económica e Monetaria, feito en Bruxelas o 2 de marzo de 2012; na Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros, e no Regulamento (UE) 473/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, sobre disposicións comúns para o seguimento e a avaliación dos proxectos de plans orzamentarios e para a corrección do déficit excesivo dos Estados membros da zona euro.

Todos estes elementos motivaron a aprobación da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que traspón parcialmente a citada Directiva 2011/85/UE. Así, mediante a Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, créase un ente con autonomía e independencia funcional cuxo

obxectivo último é contribuír ao cumprimento efectivo por parte das administracións públicas do principio de estabilidade orzamentaria previsto no artigo 135 da Constitución española, mediante a avaliación continua do ciclo orzamentario, do endebedamento público e da análise das previsións económicas.

Esta lei orgánica establece no seu artigo 8.2 que o Consello de Ministros aprobará mediante real decreto, logo de consulta ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, o estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal que desenvolverá a súa organización e funcionamento interno. Do mesmo xeito, a disposición derradeira cuarta de desenvolvemento normativo da lei determina que o Consello de Ministros aprobará un real decreto polo que se aprobe o estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Estes requirimentos cúmprense a través do presente real decreto, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, o cal se vertebra sobre os obxectivos e principios da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

O Estatuto orgánico estrutúrase en seis capítulos, o primeiro dos cales, «Disposicións xerais», recolle a natureza e o réxime xurídico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal. Trátase dun ente de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, con autonomía e independencia funcional respecto das administracións públicas.

No relativo ao seu réxime xurídico, rexeráse, entre outras, pola Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, pola Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e a súa normativa de desenvolvemento, e polo seu estatuto orgánico.

A Autoridade estará sometida a control parlamentario segundo o previsto na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro. No relativo ao control xurisdiccional, este non afectará os estudos, opinións ou informes emitidos pola Autoridade, pero si poderán ser obxecto de impugnación as resolucións adoptadas en materia laboral, patrimonial e de contratación.

Recoñécese a súa autonomía funcional no exercicio das súas funcións, e deberá actuar sempre con plena independencia do Goberno, das administracións públicas e de calquera outra organización pública ou privada. Ademais, nin o seu persoal nin os seus membros poderán recibir nin aceptar instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

Establécese como fin da Autoridade contribuír ao cumprimento, por parte das administracións públicas, do principio de estabilidade orzamentaria mediante a avaliación do ciclo orzamentario, do endebedamento público e da análise das previsións económicas.

No que concirne ás súas funcións, a Autoridade exerceraas en todo o territorio español de forma única e exclusiva e con respecto a todos os suxeitos integrantes do sector público nos termos previstos no artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. No seu exercicio, a Autoridade elaborará e emitirá informes, opinións e estudos.

Con carácter xeral, establécese a elaboración, no primeiro trimestre do ano, dun plan de actuacións no cal se recollan todas as actuacións que prevé desenvolver a Autoridade.

A Autoridade terá acceso a toda a información económico-financeira das administracións públicas sobre as cales exerce as súas funcións, a través da Central de Información, aínda que se lle poderá requirir directamente á administración correspondente.

Finalmente, régulanse as relacións internacionais da Autoridade, sempre en coordinación co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O capítulo II regula a elaboración e emisión de informes e opinións, así como a realización de estudos por parte da Autoridade.

Régúlase a emisión de informes sobre as previsións macroeconómicas; sobre a metodoloxía para calcular as previsións tendenciais de ingresos e gastos e a taxa de referencia de crecemento; sobre o proxecto de programa de estabilidade; sobre a análise da execución orzamentaria, da débeda pública e da regra de gasto; sobre o establecemento dos obxectivos individuais para as comunidades autónomas; sobre os plans económico-financeiros e plans de reequilibrio da Administración central e das comunidades autónomas, e sobre os proxectos e liñas fundamentais dos orzamentos das

administracións públicas. Así mesmo, recóllese a posibilidade de que a Autoridade Independente emita informe sobre a conveniencia de activar as medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas no capítulo IV de la Lei orgánica 2/2102, do 27 de abril, e sobre a concorrencia das circunstancias excepcionais a que fai referencia o artigo 11.3 da dita lei orgánica.

As opinións elaboraraas por iniciativa propia e corresponderalle a decisión ao presidente.

A Autoridade tamén realizará os estudos que lle soliciten o Goberno, o Consello de Política Fiscal e Financeira, a Comisión Nacional da Administración Local e a Comisión Financeira da Seguridade Social. Poderá realizar os estudos que lle soliciten as comunidades autónomas e as entidades locais, sempre que se refiran a cuestións da súa competencia e non afecten ningunha outra administración.

O capítulo III «Estrutura da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal» establece a súa organización interna. Para estes efectos, regúlase a figura do presidente, que é un posto de dedicación exclusiva, terá a consideración de alto cargo e será elixido por un prazo de seis anos non renovables. Defínese o seu procedemento de designación entre persoas de recoñecido prestixio e cunha experiencia mínima de dez anos nas materias pertinentes, e debe ser aprobada polas Cortes Xerais. Defínense igualmente as causas do seu cesamento. Por último, establécense as funcións que debe exercer, con independencia e obxectividade.

Do presidente dependerán tres divisións, cada unha das cales estará a cargo do correspondente director de división. Os directores de división teñen a consideración de persoal directivo profesional e serán seleccionados conforme os principios de mérito e capacidade establecidos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

O capítulo IV «Persoal ao servizo da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal» establece que este estará constituído, con carácter xeral, por funcionarios de carreira ou, de ser o caso, por persoal laboral procedente de organismos nacionais ou internacionais con funcións de control ou análise económica, fiscal, orzamentaria ou financeira.

A selección, provisión de postos de traballo, retribucións e réxime disciplinario axustaranse ao disposto neste estatuto orgánico, no Estatuto básico do empregado público e na lexislación vixente do Estado en materia de función pública.

En todo caso, a Autoridade contará cunha relación de postos de traballo na cal constarán os postos que deban ser desempeñados en exclusiva por persoal funcionario, e aqueles que poidan ser ocupados por persoal laboral.

O capítulo V regula o seu réxime de contratación, patrimonial e de financiamento. A actividade contractual da Autoridade rexerese polo disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público e na súa normativa de desenvolvemento, e o órgano de contratación será o seu presidente.

Para o exercicio das súas funcións, a Autoridade disporá dun patrimonio propio e independente do da Administración xeral do Estado, cuxa xestión se efectuará segundo o disposto no Estatuto orgánico e na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Por último, o capítulo VI regula o réxime orzamentario, de contabilidade e de control da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal. A Autoridade elaborará e aprobará anualmente un anteproxecto de orzamento que remitirá ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa posterior tramitación. O orzamento terá carácter limitativo polo seu importe global e estimativo para distribución dos créditos por categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal, que terán carácter limitativo.

A Autoridade deberá aplicar os principios contables públicos e implantará un sistema de contabilidade analítica. A Autoridade estará sometida ao control da Intervención Xeral da Administración do Estado no que concirne á súa xestión económico-financeira.

Este estatuto foi sometido a consulta previa do presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, conforme o previsto no artigo 8.2 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

De conformidade co establecido no artigo 8.2 e na disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, apróbase o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Retribucións.*

As retribucións do presidente e do persoal directivo da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal someteranse aos límites retributivos do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e noutras entidades.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO ORGÁNICO DA AUTORIDADE INDEPENDENTE DE RESPONSABILIDADE FISCAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, creada polo artigo 1 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, é un ente de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que exerce as súas funcións con autonomía e independencia respecto das administracións públicas e que actúa de forma obxectiva, transparente e imparcial.

2. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal está adscrita, para efectos organizativos e orzamentarios, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través do ministro de Facenda e Administracións Públicas, sen que en ningún caso a dita adscrición afecte a súa autonomía e independencia.

3. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal rexerese polo disposto na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro; pola Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como polas disposicións que as desenvolvan; por este estatuto e polo regulamento de réxime interior que, de ser o caso, se aprobe para regular, entre outras materias, a repartición interna de funcións entre divisións, o réxime de suplencias e o funcionamento do comité directivo, e ao cal se lle deberá dar a oportuna publicidade.

Supletoriamente rexerese pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, así como polas demais normas que resulten de aplicación.

4. O control parlamentario da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal desenvolverase nos termos previstos no artigo 24.8 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e no artigo 25 deste estatuto.

5. Non estarán suxeitos a control xurisdiccional os estudos, opinións e informes emitidos pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, sen prexuízo do recurso que proceda contra as resolucións, actos, feitos ou actuacións administrativas que resolvan os procedementos en que aqueles fosen emitidos.

Artigo 2. *Autonomía e independencia.*

1. No exercicio das súas funcións e para o cumprimento dos fins que lle foron asignados, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal conta con autonomía orgánica e funcional e debe actuar, en todo caso, con plena independencia do Goberno, das administracións públicas e de calquera outra organización pública ou privada.

2. Nin o presidente, nin o persoal nin os membros da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderán solicitar nin aceptar instrucións das administracións públicas nin de ningunha entidade pública ou privada.

Artigo 3. *Fins.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal ten como fin garantir o cumprimento efectivo por parte das administracións públicas do principio de estabilidade orzamentaria consagrado no artigo 135 da Constitución española, nos termos en que foi desenvolvido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

2. Para iso, realizará unha avaliación continua do ciclo orzamentario, do endebedamento público e unha análise das previsións económicas.

Artigo 4. *Exercicio das funcións asignadas á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal exercerá as súas funcións en todo o territorio español de forma única e exclusiva e con respecto a todos os suxeitos integrantes do sector público previstos no artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

2. No exercicio das súas funcións, a Autoridade elaborará e emitirá informes, opinións e estudos, nos termos establecidos na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e neste estatuto orgánico.

3. Excepcionalmente, para o desenvolvemento das actividades que comporte a emisión dun informe, opinión ou estudo, a Autoridade pode celebrar contratos de servizos para a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos. No caso de que isto poida supor o acceso a información non pública, observarase o disposto no artigo 6.9.

4. En aplicación do principio de transparencia, os informes e as opinións da Autoridade publicaranse de forma inmediata na súa páxina web e, en todo caso, o prazo non poderá exceder os dous días seguintes ao da súa subscrición.

Artigo 5. *Programación.*

1. No primeiro trimestre do ano, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará e fará público un plan de actuacións no cal se recollerán, ademais daqueles informes que resulten preceptivos, os estudos que se soliciten.

2. O dito plan de actuacións deberá ser aprobado polo presidente, logo de deliberación do Comité Directivo, e será obxecto de publicación na súa páxina web.

3. A Autoridade tamén publicará na súa páxina web un calendario coa data límite de remisión de información completa dispoñible por parte das administracións públicas, necesaria para a emisión dos seus informes.

4. Para a elaboración desta programación, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá dirixir consulta, no último trimestre do ano anterior, ao Goberno, ao Consello de Política Fiscal e Financeira, á Comisión Nacional da Administración Local e á Comisión Financeira da Seguridade Social.

5. Sen prexuízo do anterior, a programación efectuada non obstaculizará a emisión dos informes, opinións e estudos que resulten necesarios, aínda que non estivesen previstos inicialmente.

Artigo 6. *Facultades e deber de colaboración na remisión de información.*

1. Para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal terá acceso á información económico-financeira correspondente a calquera dos suxeitos a que se refire o artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e elaborada en cumprimento da dita lei ou doutras disposicións legais ou regulamentarias. O dito acceso non alcanzará a información que teña carácter auxiliar ou de apoio, como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

2. A remisión da documentación e información á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal realizarase en castelán e mediante medios telemáticos, salvo que, por razóns excepcionais e xustificadas, a Autoridade autorice a súa remisión por outros medios.

3. Para tal fin, a Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas facilitará á Autoridade o acceso a toda información de que dispoña, para o cal poderán articularse canles e procedementos simplificados que permitan a disposición da dita información con flexibilidade, axilidade e integridade.

4. Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, determinaranse os datos, documentos e procedementos de remisión, incluídos os telemáticos, que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá, con carácter permanente, á disposición da mencionada autoridade. O anterior entenderase con independencia das necesidades de información adicional que requira a Autoridade para o correcto exercicio das súas funcións e que non estea explicitamente prevista na citada orde.

5. O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá remitir solicitude a calquera administración pública, das citadas no artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a cuxo ámbito se refira a información requirida, ou ao Consello de Política Fiscal e Financeira e á Comisión Nacional da Administración Local, para o cal identificará a documentación necesaria e o prazo para a súa remisión, que, salvo causas xustificadas, non poderá ser inferior a cinco días nin superior a quince.

No caso de que a información se refira a algunha das entidades recollidas no artigo 2.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a solicitude dirixirase á Administración pública da cal dependa.

6. A falta de presentación da documentación en tempo e forma poderá ser cualificada como incumprimento do deber de colaboración, nos termos previstos no artigo 4 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e neste estatuto. Nese caso, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal incluírá na súa páxina web unha advertencia pública da dita circunstancia.

Correspóndelle ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal apreciar se se trata dun incumprimento grave ou reiterado. Nese caso comunicarálle ao Goberno da Nación e ás Cortes Xerais.

7. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá articular, de acordo cos suxeitos mencionados neste artigo, procedementos simplificados de acceso ou remisión de información, así como a aceptación de unidades de enlace coas correspondentes administracións públicas. Igualmente, a Autoridade, logo de acordo co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderá definir e exixir que a información solicitada se achegue nun determinado formato para facilitar o seu tratamento e análise.

Co fin de lograr unha mellor coordinación para o adecuado exercicio das súas respectivas competencias, a Autoridade e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas compartirán a información facilitada logo de solicitude desta.

8. Todas as entidades incluídas no ámbito de actuación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal lle deberán prestar o apoio, concurso, auxilio e colaboración que lle sexan precisos, facilitando a documentación necesaria para o adecuado exercicio das súas funcións.

9. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, mediante resolución do seu presidente, poderá aprobar, para cada un dos informes que deba emitir, unha relación oficial de información requirida, que incluírá a relación de documentos e información que necesariamente deben ser remitidos ou postos á disposición especificamente para a súa emisión, sen prexuízo doutra información complementaria que poida requirir posteriormente no desenvolvemento do seu traballo.

10. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal só poderá ceder a terceiros a información non pública achegada polo suxeitos respecto dos cales exerce as súas funcións, logo de consentimento da entidade que lle entregase a información.

Artigo 7. *Relacións internacionais.*

1. Corresponderalle ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a dirección das súas actuacións en materia de relacións internacionais, en coordinación co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no marco do disposto no artigo 6 de a Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

A Autoridade informará trimestralmente o Ministerio das comunicacións ou intercambio de información que realice coas institucións e organismos da Unión Europea, en especial coa Comisión Europea.

2. A colaboración da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal coas autoridades fiscais independentes doutros Estados membros referirase ás funcións desempeñadas por ela, sen que teña que ser informado respecto diso o Ministerio.

3. Na memoria de actividades de cada ano, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal dará conta das actuacións desempeñadas no ámbito das relacións internacionais.

CAPÍTULO II

Informes, opinións e estudos da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Sección 1.ª Emisión de informes pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Artigo 8. Elaboración e emisión de informes pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará, emitirá e publicará os informes previstos nas leis. Correspóndelle á Autoridade, no marco do establecido na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e neste estatuto, a definición da metodoloxía, das previsións dos criterios obxectivos e dos aspectos específicos que se deberán valorar nos respectivos informes, e deberase dar a oportuna publicidade a estas cuestións.

2. Precisarán de envío previo da documentación necesaria os seguintes informes:

- a) Sobre as previsións macroeconómicas.
- b) Sobre a metodoloxía para calcular as previsións tendenciais de ingresos e gastos e a taxa de referencia de crecemento.
- c) Sobre o proxecto de programa de estabilidade.
- d) Sobre os proxectos e liñas fundamentais de orzamentos das administracións públicas.
- e) Sobre os plans económico-financeiros e de reequilibrio da Administración central e das comunidades autónomas.
- f) Sobre a concorrencia das circunstancias excepcionais a que fai referencia o artigo 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 9. Prazos para a emisión de informes.

1. Os informes que precisen de envío de documentación deberán emitirse no prazo previsto na lei e, na súa falta, no prazo de dez (10) días desde a súa remisión. Non obstante, o prazo de dez (10) días poderase reducir por razóns de urxencia, que deberán ser explicitadas na remisión da documentación

A Administración deberá remitir a documentación necesaria para a elaboración do informe cun prazo de antelación razoable, atendendo á complexidade e aos procesos de elaboración da dita documentación, para efectos de cumprir o previsto no parágrafo anterior.

2. Os informes emitidos de oficio para os cales a lei non estableza prazo poderán ser emitidos pola Autoridade no momento en que, ao seu xuízo, concorran as circunstancias determinantes da súa emisión.

3. Cando o informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal sexa necesario para continuar un procedemento sometido a prazos legais e regulamentarios e o dito informe non fose emitido antes da finalización de tal prazo, a Administración afectada poderá continuar o procedemento ata a súa finalización, facendo constar publicamente esta circunstancia. Nestes casos, o informe da Autoridade poderase

incorporar á documentación do procedemento se a Autoridade o emite con posterioridade, sen que iso afecte a validez dos procedementos concluídos pola Administración afectada.

Artigo 10. *Contido dos informes.*

1. Os informes deberán, polo menos, facer referencia expresa á norma que prevé a súa emisión e, de ser o caso, ás recomendacións que considere.

2. A adopción de calquera acordo, programa ou proxecto que recibise informe da Autoridade requirirá que, de modo expreso, inclúa esta circunstancia no propio texto, indicando se foi ou non avalado pola Autoridade, así como a mención expresa ao carácter preceptivo e non vinculante de tales informes. Se a Administración ou a entidade destinataria do informe se aparta das recomendacións contidas nel, deberá motivalo e incorporar o dito informe no correspondente expediente.

Artigo 11. *Remisión da proposta de informe.*

1. Se o cumprimento dos prazos establecidos para a emisión do informe o permite, a Autoridade poderá facilitar á Administración destinataria unha proposta de informe para efectos de que esta poida verificar a inexistencia de erros, ambigüidades ou inexactitudes manifestas que resulten do contido do propio informe ou por contraste con outras fontes, e que non se poderán referir a valoracións, opinións ou recomendacións. Para estes efectos, entenderase que unha administración é a destinataria dun informe se:

- a) Solicitou a emisión do informe.
- b) Se viu na obriga de seguir as recomendacións ou explicar as razóns polas cales non o fai.
- c) Ten asignada a función de tutela ou seguimento económico-financeiro e orzamentario dunha administración que cumpre algún dos requisitos contidos nas alíneas anteriores.

2. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal deberá indicar o prazo para a precisión, corrección ou aclaración de erros, ambigüidades ou imprecisións manifestas da proposta de informe, que en ningún caso poderá supor a ampliación do prazo para emitir o informe. A Autoridade poderá ter en conta as cuestións postas de manifesto pola Administración destinataria.

Artigo 12. *Informe sobre as previsións macroeconómicas.*

1. As previsións macroeconómicas que se incorporen nos proxectos de orzamentos das administracións públicas, así como o proxecto de programa de estabilidade, deberán contar cun informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal e indicarse se foron avaladas ou non por ela.

2. No caso de que calquera administración pública incorpore ou aplique nos correspondentes orzamentos un conxunto de previsións que se correspondan de forma exacta coas incorporadas por outra administración pública en cuxo ámbito territorial aquela se integra, e que fosen avaladas pola Autoridade, non será necesaria a emisión de informe específico. Esta circunstancia farase constar expresamente no propio proxecto de orzamentos.

Artigo 13. *Informe sobre a metodoloxía para o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos, e a taxa de referencia de crecemento.*

1. As modificacións da orde ministerial que regula a metodoloxía utilizada para o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e para a taxa de referencia de crecemento ás cales aluden os artigos 12.3 e 21.2.b) da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, deberán ser sometidas a informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal con carácter previo á súa aprobación.

2. O proxecto da orde ministerial será remitida á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal xunto con todos os informes e antecedentes que fosen valorados.

3. O preámbulo da orde incorporará de forma expresa a conformidade co criterio da Autoridade ou se esta se aproba en contra das recomendacións da Autoridade, motivando en tal caso o porqué de que estas non foron atendidas.

Artigo 14. Informe sobre a concorrencia das circunstancias excepcionais a que fai referencia o artigo 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A remisión da documentación necesaria para a elaboración deste informe será realizada polo Goberno, con carácter previo á iniciación da tramitación parlamentaria prevista no artigo 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. A dita remisión deberá ir acompañada da identificación da concreta causa do artigo 11.3 alegada para a aplicación do precepto, os criterios indicados no dito precepto e a xustificación dos supostos económicos ou de feito en que se pretenda a súa fundamentación.

Artigo 15. Informe sobre o proxecto de programa de estabilidade.

1. Antes do 15 de abril, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal emitirá o informe sobre o proxecto de programa de estabilidade. Para estes efectos facilitaráselle á Autoridade, coa suficiente antelación, o texto do citado proxecto de programa, xunto coas correspondentes previsións orzamentarias a medio prazo, así como de calquera outra información ou documentación que soporte as previsións e datos incorporados.

2. Tal e como se establece no artigo 16.2 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, se houberse cambios no obxectivo de estabilidade orzamentaria, o límite de débeda e a regra de gasto que afecten o programa de estabilidade deberán ser sometidos novamente a informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal nos termos sinalados no presente artigo.

Artigo 16. Informe sobre o establecemento dos obxectivos individuais para as comunidades autónomas.

1. Unha vez aprobados os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións públicas, de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas comunicarao á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal e remitíralle a documentación de base e antecedentes utilizados, xunto cunha análise inicial coa posible proposta de fixación dos obxectivos individuais para cada unha das comunidades autónomas.

2. Na elaboración deste informe terase en conta, entre outros elementos, a situación particular de cada administración en relación coa aplicación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e especialmente a existencia dun plan de reequilibrio ou plan económico-financiero, así como a situación de partida do seu endebedamento.

3. Este informe incorporárase ao expediente presentado ao Consello de Política Fiscal e Financeira, en virtude do previsto no artigo 16 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Artigo 17. Informe dos proxectos e liñas fundamentais de orzamentos das administracións públicas.

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará, antes do 15 de outubro de cada ano, o informe a que se refire o artigo 17.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

2. Para iso, con carácter previo, e en todo caso antes do 1 de outubro de cada ano, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas porá á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal toda a información oficial dispoñible relativa ao proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado correspondentes ao ano seguinte. Así mesmo, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas porá á disposición da Autoridade a documentación correspondente ás comunidades autónomas e corporacións locais de que dispoña en virtude do artigo 27.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Artigo 18. *Informe sobre os orzamentos iniciais das administracións públicas, previsto no artigo 17.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal remitirá, antes do 1 de abril de cada ano, un informe sobre a base da documentación a que se fai referencia no número 3 do artigo 27 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

2. Na elaboración deste informe atenderase ás variacións que se detecten na documentación sobre a que previamente se remitiu, en particular na analizada para a emisión do informe previsto no artigo 17.

Artigo 19. *Informe sobre a análise da execución orzamentaria, débeda pública e da regra de gasto.*

1. Antes do 15 de xullo de cada ano, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal emitirá un informe que valorará:

a) O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública do exercicio en curso, así como da regra de gasto de todas as administracións públicas, considerando a execución orzamentaria e as medidas previstas nese ano e no inmediato anterior.

b) Os riscos de incumprimento dos citados obxectivos de estabilidade e débeda pública globais ou dos distintos subsectores, así como da regra de gasto.

2. Se o informe conclúe que existen riscos específicos derivados da situación dunha comunidade autónoma ou entidade local conforme o sinalado no número 1 deste artigo, a Autoridade remitíralles o informe a esta e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 20. *Informe sobre a aplicación dos mecanismos de corrección previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

1. Este informe elaborárase:

a) Cando, con ocasión da publicación trimestral en termos de contabilidade nacional das operacións non financeiras do conxunto das administracións públicas ou dos informes de seguimento dos plans económico-financeiros, da análise da dita información se conclúa que unha administración pública se atopa nunha situación que supuxo ou pode supor a desviación no cumprimento dos obxectivos establecidos en termos de estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira, ou o incumprimento da regra de gasto.

b) Cando, no desenvolvemento de calquera dos informes previstos neste estatuto, se detecte o dito risco, esta circunstancia porase de manifesto como punto independente naqueles informes, para os efectos previstos no artigo 21 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

2. O informe remitírase á Administración ou autoridade responsable, conforme a normativa aplicable, da activación dos correspondentes mecanismos e medidas, así como ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 21. Informe sobre os plans económico-financeiros e plans de reequilibrio da Administración central e das comunidades autónomas.

1. Cando a Administración central ou unha comunidade autónoma, por concorreren as circunstancias establecidas nos artigos 21 ou 22 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, elabore o correspondente plan económico-financeiro ou o plan de reequilibrio nos termos previstos nos ditos artigos, deberá solicitar informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, con carácter previo á súa remisión ás Cortes Xerais ou á aprobación do Consello de Política Fiscal e Financeira, respectivamente.

2. Para a elaboración deste informe terase en conta, polo menos, o grao de cumprimento dos plans económico-financeiros ou plans de reequilibrios de exercicios anteriores, as circunstancias da súa execución, a existencia de riscos continxentes e, de ser o caso, os informes de seguimento realizados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e outras actuacións de coordinación da estratexia de consolidación fiscal global no marco do Programa de estabilidade.

Sección 2.^a Emisión de opinións pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Artigo 22. Elaboración e emisión de opinións pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá elaborar, emitir e publicar xuízos ou valoracións técnicas, que recibirán a denominación de opinións, sobre calquera cuestión de entre as materias reguladas no artigo 23 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro. Correspóndelle á Autoridade, no marco do establecido na citada lei orgánica e neste estatuto, a definición da metodoloxía, dos criterios obxectivos e dos aspectos específicos que cómpre valorar nas opinións e débese dar a oportuna publicidade a estas cuestións.

2. A elaboración de opinións será acordada polo presidente da Autoridade por propia iniciativa nos termos do artigo 5.2 da devandita Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

3. No proceso de desenvolvemento das opinións, a Autoridade poderá solicitar os informes e documentos elaborados en cumprimento das normas legais e regulamentarias de aplicación que considere necesarios nos termos previstos no artigo 4 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, ou deste estatuto. O dito acceso non alcanzará a información que teña carácter auxiliar ou de apoio, como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

4. A Autoridade remitirá, con carácter previo á súa emisión, unha proposta de opinión a calquera das administracións ou entidades destinatarias para verificar a inexistencia de erros, ambigüidades ou inexactitudes manifestas, que resultasen do contido da opinión ou por contraste con outras fontes, nun prazo de dez días.

5. En aplicación da disposición adicional cuarta da Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal emitirá opinión respecto dos valores calculados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para a determinación do índice de revalorización das pensións aplicable en cada exercicio e do factor de sustentabilidade.

6. No caso de que, en aplicación do previsto no artigo 11.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, se preveja que as administracións da Seguridade Social incorren en déficit estrutural, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá elaborar unha opinión, que se emitirá no prazo dun mes desde que se constate a dita circunstancia.

Sección 3.ª Elaboración de estudos pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Artigo 23. Elaboración de estudos pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal realizará os estudos que lle soliciten o Goberno, o Consello de Política Fiscal e Financeira, a Comisión Nacional da Administración Local ou a Comisión Financeira da Seguridade Social.

2. Poderá realizar os estudos solicitados polas comunidades autónomas ou polas entidades locais sempre que estes se refiran a cuestións propias da súa competencia e non afecten ningunha outra administración, xa sexa do mesmo ou de distinto nivel. Cando se trate de cuestións que poidan afectar outra administración, a solicitude deberá ser cursada polo Consello de Política Fiscal e Financeira ou pola Comisión Nacional da Administración Local.

3. Correspóndelle á Autoridade, no marco do establecido na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e neste estatuto, a definición da metodoloxía, dos criterios obxectivos e dos aspectos específicos que cómpre valorar nos estudos. A estas cuestións débese dar a oportuna publicidade.

4. Con carácter previo á elaboración do estudo, fixaranse un orzamento e un calendario de desenvolvemento, que se remitirá ao suxeito interesado para a súa confirmación.

5. Unha vez acordada a elaboración do estudo, o suxeito propoñente poderá desistir da súa elaboración logo de notificación. Deberánselle liquidar e aboar as cantidades correspondentes a unidades de traballo consumidas, así como un 10 por cento do importe restante.

6. O resultado do estudo será remitido ao suxeito interesado logo de pagamento á Autoridade da cantidade fixada. Este suxeito deberá autorizar expresamente a Autoridade para a publicación do estudo na súa páxina web.

7. Todo coñecemento adquirido pola Autoridade na elaboración de estudos poderá ser aplicado por esta no desenvolvemento de calquera tipo de funcións como elementos intermedios doutros estudos, informes ou opinións.

CAPÍTULO III

Estrutura da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Sección 1.ª Da Presidencia da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Artigo 24. Presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal estará dirixida polo seu presidente, a quen corresponderá a súa representación.

2. O presidente terá a consideración de alto cargo, con rango de subsecretario.

3. O cargo de presidente é de dedicación exclusiva, está suxeito ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado e será incompatible co exercicio de calquera actividade profesional pública ou privada, retribuída ou non, salvo as que sexan inherentes á súa condición de presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

4. O presidente será elixido por un prazo de seis anos e non poderá ser renovado no cargo.

5. Ao cesar no cargo, e durante os dous anos posteriores, non poderá exercer actividade profesional ningunha relacionada coa función de avaliación atribuída á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

6. O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal comparecerá, polo menos anualmente, ante as comisións correspondentes do Congreso dos Deputados e do Senado.

7. O presidente asistirá como membro nato con voz pero sen voto ao Consello de Política Fiscal e Financeira, á Comisión Nacional da Administración Local e á Comisión Financeira da Seguridade Social.

8. Do presidente depende directamente un gabinete, como o seu órgano de asistencia inmediata, do cal formarán parte os asesores a que fai referencia o artigo 38.

9. Na páxina web publicárase o *curriculum vitae* do presidente da Autoridade.

Artigo 25. *Funcións do presidente.*

O presidente da Autoridade exercerá con plena independencia e obxectividade, sen estar suxeito a instrución ningunha, as seguintes funcións na Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal:

a) Desempeñar a representación legal da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

b) Comparecer ante a comisión competente do Congreso dos Deputados e do Senado.

c) Propor ao Consello de Ministros o nomeamento e cesamento dos directores de división.

d) Convocar e presidir o Comité Directivo e acordar, de ser o caso, a asistencia doutro persoal pertencente á Autoridade ou dos expertos externos que xulgue convenientes.

e) Subscribir os informes, opinións e estudos.

f) Acordar a realización ou non de estudos que se soliciten á Autoridade nos termos previstos na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e neste estatuto. A subscrición dos acordos para realizar estes estudos poderá ser delegada polo presidente no director de división competente pola razón da materia.

g) Acordar o nomeamento e cesamento do restante persoal ao servizo da Autoridade.

h) Aprobar o anteproxecto de orzamentos do organismo e remitirlo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para efectos da súa integración nos orzamentos xerais do Estado.

i) Acordar as variacións nos créditos do orzamento do organismo.

j) Aprobar os gastos, ordenar os pagamentos e acordar os restantes actos de xestión orzamentaria, salvo os casos reservados por lei ao Goberno.

k) Formular, aprobar e render as contas da Autoridade.

l) Efectuar os requirimentos de información aos suxeitos integrantes do sector público nos termos do artigo 3 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

m) Acordar a procedencia de advertencia pública por incumprimento do deber de colaboración, así como a súa publicación na páxina web da Autoridade.

n) Acordar a publicidade de supostos de incumprimento grave ou reiterado, e a súa comunicación ao Goberno da Nación, ás Cortes Xerais e á Administración incumpridora.

o) Aprobar a memoria anual de actividades da Autoridade, logo de deliberación do Comité Directivo.

p) Ser o órgano de contratación da Autoridade, aínda que poderá delegar esta función para contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 120.000 euros. Así mesmo, subscribirá os contratos laborais.

q) Acordar as actuacións en materia de xestión patrimonial do organismo.

r) Acordar, por necesidades do servizo, a redistribución de efectivos entre as divisións.

s) Subscribir, sen prexuízo do previsto na alínea f), no ámbito das competencias da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, convenios con entidades públicas e privadas.

- t) A dirección das actuacións da Autoridade en materia de relacións internacionais, en coordinación co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- u) Propor a relación de postos de traballo da Autoridade.
- v) Propor ao ministro de Facenda e de Administracións Públicas a modificación do presente estatuto.
- w) Elevar ao ministro de Facenda e de Administracións Públicas informe sobre as modificacións que considere adecuadas na estrutura orgánica da Autoridade para un mellor desempeño das funcións que ten encomendadas.
- x) As restantes facultades que non estean expresamente atribuídas a ningún outro órgano da Autoridade.

Artigo 26. *Delegación de funcións.*

O presidente poderá delegar no director de división que considere todas as funcións establecidas no artigo anterior, coa excepción das previstas nas alíneas b), c) e k).

Artigo 27. *Designación e cesamento do presidente.*

1. O presidente da Autoridade será designado de conformidade co procedemento establecido no artigo 24 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

2. O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal só cesará polas seguintes causas:

- a) Por finalizar o período para o cal foi nomeado.
- b) Por petición propia.
- c) Por estar incurso nalgunha causa de incompatibilidade.
- d) Por incapacidade sobrevida para o exercicio das súas funcións.
- e) Por condena por delito doloso, desde que a sentenza sexa firme.
- f) Por incumprimento grave das súas obrigacións.

3. Nos casos previstos nas alíneas a) e b) do punto anterior, o presidente cesará de forma automática o día que finaliza o seu mandato ou o día que presenta a súa petición ao Consello de Ministros a través do ministro de Facenda e Administracións Públicas, segundo corresponda.

Nos casos previstos nas alíneas c), d), e) e f), a separación será acordada polo Goberno, con independencia do réxime sancionador que poida corresponder, logo de instrución do expediente polo titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e no cal serán oídos o presidente e os restantes membros do Comité Directivo. O acordo de separación adoptarase logo de coñecemento das correspondentes comisións do Congreso dos Deputados e do Senado.

Sección 2.^a Das Divisións da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Artigo 28. *Organización en divisións.*

1. Para o mellor cumprimento das funcións atribuídas á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, existirán tres divisións, que dependerán de maneira directa do presidente:

- a) A División de Análise Económica.
- b) A División de Análise Orzamentaria.
- c) A División Xurídico-Institucional.

2. Cada unha destas divisións estará a cargo do correspondente director de división.

3. As divisións actuarán de forma coordinada e colaborarán para o exercicio das súas funcións.

Artigo 29. *Directores de división.*

1. Os directores de división serán nomeados e cesados polo Consello de Ministros por proposta do presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

2. A selección das persoas que ocupen o cargo de director de división realizarase de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, de entre quen conte con experiencia de polo menos dez anos nas materias propias da división a cuxa dirección se opta.

3. O *curriculum vitae* dos directores de división publicarase na páxina web da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

4. Os directores de división teñen a consideración de persoal directivo profesional de acordo co previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 30. *División de Análise Económica.*

A División de Análise Económica estrutúrase en dúas áreas, cuxos responsables terán nivel orgánico de subdirector xeral:

- a) Previsións macroeconómicas.
- b) Endebemento público.

Artigo 31. *División de Análise Orzamentaria.*

A División de Análise Orzamentaria estrutúrase en dúas áreas, cuxos responsables terán nivel orgánico de subdirector xeral:

- a) Estado e Seguridade Social.
- b) Comunidades Autónomas e Entidades Locais.

Artigo 32. *División Xurídico-Institucional.*

A División Xurídico-Institucional estrutúrase nunha única área, a de Xerencia, cuxo responsable terá nivel orgánico de subdirector xeral.

Sección 3.^a Do Comité Directivo

Artigo 33. *Comité Directivo.*

1. No exercicio das súas funcións, o presidente está asistido polo Comité Directivo, integrado polos directores de división.

2. Serán obxecto de deliberación no Comité Directivo, entre outras, as seguintes cuestións:

- a) Os informes e opinións que elabore a Autoridade, con carácter previo á súa subscripción polo presidente.
- b) A decisión de realizar os estudos que as comunidades autónomas e as entidades locais lle soliciten á Autoridade.
- c) O plan de actuacións anual.
- d) A memoria anual de actividades, que se publicará na páxina web da Autoridade.
- e) As instrucións de organización interna e repartición do traballo, así como a xestión e planificación dos recursos humanos da Autoridade.

Artigo 34. *Asistencia de expertos ao Comité Directivo.*

O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá solicitar a asistencia ás reunións do Comité Directivo de expertos de recoñecido prestixio nacional

e internacional nas materias relacionadas coas funcións da Autoridade e en relación cos asuntos que vaian ser tratados.

Non se devindicará dereito a ningunha retribución pola asistencia de expertos ás reunións do Comité Directivo.

CAPÍTULO IV

Persoal ao servizo da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Artigo 35. Réxime xeral de persoal.

1. O persoal ao servizo da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal será, con carácter xeral, funcionario de carreira das administracións públicas ou, de ser o caso, persoal laboral procedente de organismos nacionais ou internacionais con funcións de control ou análise económica, fiscal, orzamentaria ou financeira.

2. En todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas correspóndenlles exclusivamente aos funcionarios públicos.

3. A selección, formación, provisión de postos de traballo, mobilidade, retribucións e réxime disciplinario do seu persoal rexeráse polo previsto neste estatuto, polo Estatuto básico do empregado público e pola restante lexislación do Estado en materia de función pública.

4. O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal presentará anualmente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a proposta de oferta de emprego público da Autoridade, para a súa aprobación e inclusión na oferta de emprego público da Administración xeral do Estado. A dita proposta terá en conta as necesidades de recursos humanos da Autoridade para o adecuado exercicio das súas funcións.

5. O presidente da Autoridade tamén poderá subscribir convenios para acordar, con carácter temporal, intercambios ou estadias de persoal procedente do Banco de España ou doutras administracións ou organismos nacionais e internacionais con funcións de control ou análise económica, fiscal, orzamentaria ou financeira. O persoal laboral que proceda do Banco de España e demais administracións ou organismos nacionais ou internacionais poderá percibir a súa retribución, ben do organismo de orixe, sen prexuízo das indemnizacións por razón das funcións que desenvolve na Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, nos termos previstos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou ben percibir as súas retribucións da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal. Neste caso, o dito persoal deberá ser, en todo caso, seleccionado pola Autoridade conforme os procedementos legalmente establecidos, con pleno sometemento aos principios de igualdade, mérito e capacidade sinalados no artigo 1.3.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

6. Con independencia da forma en que o persoal preste os seus servizos na Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal e do organismo que satisfaga as súas retribucións, todo o persoal a que se refire este capítulo estará sometido ás normas de incompatibilidades e confidencialidade propias dos empregados públicos, do cal se deixará debida constancia en calquera convenio que se subscriba, sen que se lles poida facilitar información coñecida como consecuencia das funcións desempeñadas na Autoridade nin aos organismos de orixe nin a ningún outro.

Artigo 36. Persoal funcionario.

1. De conformidade co artigo 9 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, o persoal funcionario da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal rexeráse polas normas aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

2. O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal convocará e resolverá os procedementos de selección e provisión de postos de traballo, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación, conforme os procedementos legalmente establecidos, con pleno sometemento aos principios de igualdade, mérito e capacidade sinalados no artigo 1.3.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril. Tanto as convocatorias como as súas resolucións serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado» e na páxina web da Autoridade.

Artigo 37. *Persoal laboral.*

1. De conformidade co artigo 9 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, só poderá ser contratado o persoal laboral procedente de organismos nacionais ou internacionais con funcións de control ou análise económica, fiscal, orzamentaria ou financeira para o desempeño deste tipo de funcións con carácter temporal.

En particular, conforme o establecido no artigo 35, o persoal procedente doutros organismos poderá prestar servizos na Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal:

a) Por ser contratado como persoal laboral de carácter temporal da Autoridade, quen aboará as súas retribucións.

b) Por prestar servizos temporalmente na Autoridade, caso en que o Banco de España ou as outras administracións ou organismos nacionais ou internacionais con funcións de control ou análise económica, fiscal, orzamentaria ou financeira asumirán o pagamento das súas retribucións de acordo co previsto na súa normativa reguladora e sen prexuízo das indemnizacións que, de ser o caso, puideren corresponder con cargo ao orzamento da Autoridade, de conformidade co establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

2. Corresponderalle ao presidente a celebración dos contratos de traballo do persoal laboral que será seleccionado, en execución da oferta de emprego público da Autoridade prevista no artigo 35, mediante convocatoria pública que, ademais de se adecuar á relación de postos de traballo do organismo, se suxeitará aos principios de igualdade, mérito e capacidade sinalados no artigo 1.3.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril. Estas convocatorias e a súa resolución publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» e na páxina web da Autoridade.

Artigo 38. *Programas de formación.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá contar cun programa propio de bolsas que permita que, temporalmente e de conformidade coa súa normativa reguladora, haxa persoas que completen a súa formación na Autoridade.

2. Así mesmo, a Autoridade poderá subscribir convenios con universidades e outros centros académicos ou profesionais para contribuír á formación de novos profesionais nas materias relacionadas coas funcións propias da Autoridade. Todo isto de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

3. En ningún caso se entenderá que os bolseiros están prestando servizos na Autoridade ou que exista relación contractual con ela.

Artigo 39. *Relación de postos de traballo.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal contará cunha relación de postos de traballo, proposta polo presidente aos órganos competentes, na cal constarán:

a) Os postos que deban ser desempeñados en exclusiva por persoal funcionario, a súa denominación, tipo e sistema de provisión, requisitos exixidos para o seu desempeño, así como o nivel dos complementos que comportan as súas retribucións complementarias.

b) Os postos de traballo que poidan ser desempeñados por persoal laboral, fixo ou temporal, a súa denominación, os grupos de clasificación profesional a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións.

Artigo 40. *Incompatibilidades do persoal da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

O persoal da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 41. *Deber de confidencialidade.*

1. Conforme o establecido no artigo 4.4 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e no artigo 35.5 do Estatuto, a información de natureza confidencial que poida coñecer o persoal da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal no exercicio das súas funcións ou o coñecemento que se obteña en virtude de calquera relación coa dita autoridade deberán ser tratados respectando os límites e conforme as normas legais que rexen o seu acceso e difusión.

2. Para ese efecto, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará unha política específica para garantir a confidencialidade da información que non teña o carácter de pública, dentro da cal se integrará o código de conduta do persoal ao servizo da Autoridade, que será obxecto de publicación na súa páxina web.

CAPÍTULO V

Réxime de contratación, patrimonial e de financiamento da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Artigo 42. *Réxime de contratación.*

1. A actividade contractual da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal queda suxeita ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como á súa normativa de desenvolvemento.

2. Para os citados efectos, aplicarase o réxime previsto nas citadas normas para as administracións públicas.

3. O órgano de contratación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal é o seu presidente, quen poderá delegar esta competencia salvo para contratos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 120.000 euros.

4. A Autoridade poderá acordar a súa adhesión a sistemas de contratación centralizada ou o cofinanciamento conxunto de contratos co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas cando disto resulte unha maior eficiencia na asignación de recursos.

5. A Autoridade Independente recibirá as facturas electrónicas que emitan os seus provedores a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas correspondente á Administración xeral do Estado, nos termos previstos na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público.

Artigo 43. *Patrimonio e réxime de financiamento.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio e independente do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos de que sexa titular.

2. A xestión e administración dos bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercida de acordo co sinalado neste estatuto e co establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. Correspóndelle ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal acordar a adquisición por calquera título dos bens inmoables e dereitos que resulten

necesarios para os fins da institución, así como o seu uso e arrendamento, de acordo co procedemento establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro.

4. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto dos propios coma dos bens do patrimonio do Estado adscritos ao organismo, que se revisará anualmente, con referencia ao 31 de decembro, e se someterá á aprobación do presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal. O inventario e as súas modificacións remitiranse anualmente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no primeiro mes de cada ano natural.

5. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal contará con recursos económicos suficientes para o exercicio das súas funcións e financiarase cos seguintes recursos:

- a) As taxas de supervisión, análise, asesoramento e seguimento da política fiscal que reciba pola prestación ás administracións públicas dos servizos a que se refire o capítulo II da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.
- b) Os ingresos procedentes dos prezos públicos que reciba pola realización de estudos a que se refire o artigo 5.3 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.
- c) As asignacións que se establezan anualmente nos orzamentos xerais do Estado.
- d) Os produtos e as rendas que deriven dos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio.
- e) Calquera outro que legalmente lle sexa atribuído.

CAPÍTULO VI

Réxime orzamentario, de contabilidade e de control da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal

Artigo 44. *Réxime orzamentario.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará e aprobará, con carácter anual, o correspondente anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinalo o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e remitírallo a este para a súa posterior tramitación de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O orzamento terá carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos por categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal que, en todo caso, terán carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, e das subvencións nominativas e atencións protocolarias e representativas, que terán carácter limitativo e vinculante calquera que sexa o nivel da clasificación económica a que se establezan.

3. A autorización das variacións que supoñan un incremento global dos créditos inicialmente aprobados axustarase ao seguinte:

- a) Correspóndelle ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal autorizar as variacións orzamentarias sempre que non se incrementen os créditos para gastos de persoal nin se financien con achegas recollidas nos orzamentos xerais do Estado.
- b) Correspóndelle ao titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas autorizar as variacións orzamentarias que incrementen os créditos para gastos de persoal.
- c) Se a variación afectar as achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado, a competencia para autorizar ambas as modificacións corresponderalle á autoridade que tivese atribuída a modificación no orzamento do Estado.

4. As variacións internas entre as diversas partidas orzamentarias, que non incrementen a contía global do orzamento, serán aprobadas polo presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, salvo que afecten os créditos para

gastos de persoal. Neste caso, a autorización será competencia do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

5. As variacións do orzamento, unha vez autorizadas polo presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, serán comunicadas á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 45. *Contabilidade da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal deberá aplicar os principios contables públicos previstos no artigo 122 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como o desenvolvemento dos principios e normas establecidos no Plan xeral de contabilidade pública.

Para dar cumprimento ao establecido no punto anterior, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal disporá dun sistema de información contable que mostre, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento.

Este sistema de información estará interrelacionado co Rexistro Contable de Facturas, que deberá ser xestionado nos termos establecidos na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público.

2. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, en colaboración coa Intervención Xeral da Administración do Estado, implantará un sistema de contabilidade analítica que proporcione información de custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións e para a determinación das taxas e prezos públicos. A información resultante incluírase na memoria anual de actividades desenvolvidas pola Autoridade.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado establecerá os requirimentos funcionais e, de ser o caso, os procedementos informáticos relativos ao sistema de información contable, de acordo co disposto no artigo 125 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 46. *Contas anuais.*

1. O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal formulará as contas anuais nun prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas as ditas contas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, someteranse ao presidente para a súa aprobación.

2. Unha vez aprobadas, o presidente renderá as contas anuais, a través da Intervención Xeral da Administración do Estado, ao Tribunal de Contas para a súa fiscalización. A remisión á Intervención Xeral da Administración do Estado realizarase dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico.

Artigo 47. *Control económico e financeiro.*

Sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica, a xestión económico-financiera da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal estará sometida ao control da Intervención Xeral da Administración do Estado nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro. O control financeiro permanente será realizado pola Intervención Delegada na Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, baixo a dependencia da Intervención Xeral da Administración do Estado.